



Nota informativa sobre o protocolo de actuación no caso de folga estudiantil

- 1.- O alumnado **a partir de 3º ESO** ten recoñecido o dereito de reunión, asimilable na práctica ao dereito á folga.
- 2.- Unha vez convocada a folga de estudantes, cada grupo-clase debe realizar unha asemblea na que se vote a aceptación da convocatoria da folga. Este voto non implica que se secunde ou non a folga: o que se vota é o dereito a poder secundala.
- 3.- Os delegados/as de clase levantarán **acta da asemblea**, indicando número de asistentes e o resultado da votación. Enviarán esta acta á dirección do centro (ies.indaleciopereztizón@edu.xunta.gal) xunto coa **convocatoria oficial da folga** (os sindicatos de estudantes a facilitan nas súas webs). Este trámite debe facerse ao menos con 48 horas de antelación.
- 4.- Non hai que solicitar permiso nin autorización algunha no centro. Non hai que facer listaxes coas persoas que secundan ou non a folga.
- 5.- Os alumnos/as menores de idade que secunden a folga pero decidan asistir ao centro, non poderán abandonalo ata rematar a xornada lectiva.
- 6.- Para xustificar a falta de asistencia por mor da folga o alumnado maior de idade debe entregar asinado o **impreso xustificante da falta**, especificando nos motivos "FOLGA" (http://www.edu.xunta.gal/centros/iesindaleciopereztizón/system/files/xustificante%20f%20altas%20de%20asistencia%20ao%20centro_0.pdf). Este impreso entregarase no seguinte día lectivo posterior a folga. No caso de alumnado menor de idade, o impreso estará asinado polos seu pai/nai ou representante legal.